



ANUNCIO do Tribunal Cualificador nomeado para o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego destinada a cubrir necesidades de persoal docente na Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo para a execución de proxectos e programas de emprego e formación (Obradoiros de emprego e Programas de emprego para persoas mozas).

CONVOCATORIA DA PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

O Tribunal Cualificador do proceso para a creación dunha bolsa de emprego destinada a cubrir necesidades de persoal docente na Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo para a execución de proxectos e programas de emprego e formación (Obradoiros de emprego e Programas de emprego para persoas mozas), na súa sesión de constitución de data 03.03.2026, **ACORDOU:**

CONVOCAR ás persoas aspirantes que non acreditaron estar en posesión do certificado oficial de coñecemento da lingua galega nivel CELGA 4 ou equivalente, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria (bases sexta e undécima), para a realización da correspondente proba de coñecemento da lingua galega.

As persoas convocadas para a realización da proba de coñecemento da lingua galega, de conformidade coa Resolución da Concelleira Delegada da MAIV de data 02.06.2026, pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e se determina a relación de aspirantes que deben realizar a proba de coñecemento da lingua galega, son as seguintes:

- JAVUREK DA SILVA, CRISTINA GABRIELA

En virtude do anterior, convócase á persoa aspirante afectada á realización da proba de coñecemento da lingua galega, que terá lugar nas seguintes condicións:

- **Data:** 5 de xuño de 2026
- **Hora:** 10:30 horas
- **Lugar de realización:** Sede da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo. Avda. Hispanidade, nº 17 – 36203 VIGO.

As persoas candidatas deberán presentarse provistas do documento nacional de identidade, NIE ou documento equivalente acreditativo da súa identidade.

O chamamento realizarase en chamamento único, quedando decaídas no seu dereito as persoas que non comparezan no momento de inicio da proba, salvo nos casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados polo Tribunal.

Así mesmo, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, o Tribunal contará coa asistencia e colaboración dun asesor especialista en lingua galega para o desenvolvemento e valoración desta proba, con voz e sen voto.

Este anuncio publícase para xeral coñecemento das persoas interesadas, de conformidade co disposto nas bases reguladoras do proceso selectivo.

En Vigo, na data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA DO TRIBUNAL
Asdo.: Lourdes González Salceda